

UNA VEZ FUIMOS SALVAJES

[Carmen Bellas, 2017]

305

ESTREA EN NUMAX: 24.11.2017 | V.O. | +7

Una vez fuimos salvajes (2017, 61')

Dirección: Carmen Bellas

Guión: María Antón Cabot e Carmen Bellas

Son: Clara Alonso

Montaxe: María Antón Cabot

Fotografía: Michal Babinec

Produtoras: Gonzalo Martínez Gutiérrez e Carmen Bellas para o proxecto, Autobarríos San Cristóbal

Distribuidora: Playtime Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Castelán

FILMOGRAFÍA

La visita, 2014 [curtametraxe]

Naves, 2013 [curtametraxe]

In memoriam, 2011 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Novos Cinemas 2017 (Premio Especial NUMAX da sección Latexos), Alcances 2017 (Caracola de Ouro á mellor longametraxe)

SINOPSE

Unha conversa imaxinada entre a autora e o barrio de San Cristóbal, na periferia de Madrid. Un xogo entre formas e fondo, que enfrenta os prexuízos da narradora coas emocións do espectador que a acompaña, un percorrido libre e suxestivo que abandona de maneira progresiva o documental clásico e transfórmase nun ensaio en primeira persoa.



UNA VEZ FUIMOS SALVAJES

[Carmen Bellas, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Resultoume difícil convencer a xente de que non quería facer unha reportaxe tipo *Callejeros*”

Entrevista a Carmen Bellas

Por Marina Maesso

O filme respira tres palabras, sobre todo a nivel visual: neno, rúa, calor. Que é o que che gusta dos nenos que non teñen os adultos como para que non saian no teu filme? Gústame a idea de intentar capturar ese momento da infancia no que nos construímos a través do xogo e da interacción co que nos rodea. Cando os tempos mortos deixan espazo para que a imaxinación poida mergullar no fantástico e aínda se é alleo aos esquemas da vida adulta. (...)

Ben, saen dúas personaxes maiores nun banco... Claro, saen uns cantos máis, aínda que o espectador non os lembra porque están ao principio. Resultoume moi difícil convencer a xente de que non quería facer unha reportaxe televisiva tipo *Callejeros* e ademais non esquezamos que eu era unha intrusa, non me coñecían de nada, co cal pensar que ía gañar a súa confianza era do máis inxenuo. (...)

Foi unha das túas intencións que todo o mundo poidese ver e entender este filme, ou interésanche máis outras cousas? Tiven o erro durante moito tempo de pensar que era importante.

E que o filme sería un agasallo para eles (e non ao contrario). Supoño que porque tiña medo a exporme. Quería quedar ben con todo o mundo. Así que comecei a planear un documental que analizase a conformación dos barrios das grandes cidades. Pouco ambiciosa? Marcárame unhas liñas vermellas, non falar de desafuzamentos, nin ocupación, nin drogas, nin violencia, e iso mantívono. Pero non sabía de que iría entón todo aquilo porque non tiña nin idea do tema.

Afortunadamente, e sobre todo no proceso de guión e de montaxe, axudáronme a entender que debía facer algo que me importase a min en primeira instancia. Algo pequeno, íntimo, fráxil. Pero que polo menos tratase de ser honesto. E aí todo cobrou sentido. Continuamos a confección tratando de entender o seu propio proceso, o noso momento persoal, e o material que se xerou. Fomos cosendo as súas pezas ata que tomou a forma que puido. E esa forma remite a un espazo mental, ao que cada espectador se traslada mentres a ve, conformado polos recordos da súa propia infancia.

Teño entendido que che mudaches ao barrio de San Cristóbal. Que relación conseguiches construír así cos seus habitantes? Vivín alí catro meses, si: dous sen rodar e dous rodando a tempos intermitentes. A verdade é que me trataron moi ben. Pero a cousa cambiou un pouco cando chegaron as cámaras. Os adultos non querían saír ou estaban moi impostados, e en xeral a xente tiña bastante rabia contida cara a elas.

Levei moi mal esa frustración, empecei a querer irme e a rexeitar o proxecto porque non facían o que eu necesitaba. Creo que me venceu o ego. Pero o meu equipo de rodaxe seguía adiante e tiraba do barco, sen buscar nada concreto, só deixándose levar pola calor, o verán e a rúa, e os amigos que estaban fóra, «en Madrid», e vían material non paraban de dicirme: «O teu filme non vai de San Cristóbal, vai sobre ti».

O documental é o xénero máis vivo, e iso é o bonito que ten. No caso do teu filme, rematou sendo o mesmo que cando empezou? Traballastes con referencias? Non tiñamos referencias filmicas, igual si de atmosfera ou de ton. Ao principio, cando falaba con Michal Babinec (o meu fotógrafo) non sabía como explicarllo, así que me levou ao Reina Sofía a mirar libros de fotografía, e aí apareceu Helen Lewitt, ou as primeiras conversas sobre *O Señor das Moscas* (1990), ou *Kids* (1995), ou os vídeos caseiros que gravan os pais aos seus fillos. (...)

Agárdate agora a ficción? Que che deu o xénero documental? Nunca traballara no documental, e o proceso é moi diferente, claro. Sobre todo o ser capaz de cambiar os teus plans cando a realidade da rodaxe ou da montaxe te obriga. Ten algo de aditivo. Iso si, gustárame seguir nadando neste camiño intermedio entre documental e ficción.

Publicado en www.notodo.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**